



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN Nº 1, CELEBRADA PARA A APERTURA DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS (SILEX), SOBRE A) DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E SOBRE B) CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR, PRESENTADOS POLAS EMPRESAS QUE CONCORREN Á LICITACIÓN DAS OBRAS DE “REMODELACIÓN DA PRAZA DE A XUVENTUDE”.

Rematado o pasado día 05/07/2021, ás 14.00 horas, o prazo de presentación das ofertas para tomar parte no procedemento de licitación *aberto simplificado* para a contratación das obras de “REMODELACIÓN DA PRAZA DE A XUVENTUDE” (Expte. contratación nº 2533/2021), o día **08/07/2021**, ás doce horas e cinco minutos, reúnese a Mesa de Contratación integrada polo Concelleiro Delegado de Obras Públicas, D. Samuel Lago Ozón (*presencial*), o Secretario Municipal, D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor (*presencial*), a Interventora municipal, D^a Paula Cacabelos Otero (*presencial*), o arquitecto técnico municipal, D. Pelayo Eyo Valladares (*presencial*) e a funcionaria do Servizo de Contratación, D^a Mar Mondragón Treviño (*presencial*), co obxecto de proceder a aperturar os sobres A) documentación administrativa e B) criterios dependentes dun xuízo de valor (*archivos electrónicos SILEX*) das empresas que toman parte no mencionado procedemento.

Expte. Deputación: 2021007661		Expte. Subv PC2021: 16/2021		Expte. Contratación: 2533/2021	
Tipo de contrato: OBRAS					
Obxecto do contrato: REMODELACIÓN PRAZA DE A XUVENTUDE.					
Procedemento de contratación: Aberto simplificado.					
Tramitación: Ordinaria.					
Código CPV: 45111100-9 Traballos de demolición. 45261420-4 Traballos de impermeabilización 45262520-2 Traballos de albanilería. 45233200-1 Traballos diversos de pavimentación. 45259900-6 Actualización de instalacións 452442100-8 Traballos de pintura.					
Prezo estimado: 197.567,49 €				IVE: 41.489,17 €	
Orzamento base de licitación: 239.056,66 €					
Duración: 3 meses.					
Financiamento: Convenio Distribuciones Froiz, SAU – Concello.				Data de sinatura do Convenio: 31/05/2021	
Distribuciones Froiz, SAU: 119.528,33 €				Deputación PC2021: 119.528,33 €	
Aplicación orzamentaria	Proxecto gasto	Retención crédito N.º operación		Importe retido	
2021.1533.61921	2021/0011	2021/EP/004211		239.056,66 €.	

1º.- SILEX.- REXISTRO DE OFERTAS.

Procédese a dar conta da certificación de presentación de ofertas electrónicas a través do Rexistro de Ofertas, expedida polo SILEX, que queda unida ao *expediente de contratación 2533/2021* e na que constan as empresas seguintes:

.../





Número de ofertas presentadas electrónicamente a través de SiLEX	6
Empresa	Data de presentación
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	30/06/2021 18:32
ROIBAS VÁZQUEZ SL	05/07/2021 10:51
CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L.	05/07/2021 10:55
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	05/07/2021 11:12
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A	05/07/2021 11:53
NAROM SL	05/07/2021 12:00

2º.- SILEX.- APERTURA SOBRE A) ANEXO I_DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Seguidamente compróbase a constancia das declaracións responsables (ANEXO I) presentadas polas empresas:

		CONSTANCIA
1	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	Consta
2	COVSA	Consta
3	CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L.	Consta
4	NAROM, S.L.	Consta
5	MARCONSA, S.L.	Consta
6	ROIBAS VÁZQUEZ, S.L.	Consta
■	Quedan unidas ao expediente de contratación 2533/2021 as declaracións formuladas.	

3º.- TRANSCRIPCIÓN DA CLÁUSULA 13.1. CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUIZO DE VALOR.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación que se expresan :

13.1.- Criterios dependentes dun xuízo de valor:

MEMORIA CONSTRUTIVA DA OBRA. Valoraranse individualmente de conformidade co total de puntos indicados en cada un dos cadros adxuntos e a puntuación final obterase pola suma total, ata un máximo de 25 PUNTOS.	
Análise da actuación obxecto de proxecto, mediante descrición analítica e detallada do proxecto para executar (análise de actuacións de proxecto, metodoloxía de execución, descrición de actividades importantes de execución da obra, condicionantes para a definición do proxecto).	Ata un máximo de 10 PUNTOS
Análise do ámbito de actuación da obra para executar (condicionantes usos específicos da contorna, interferencias, afeccións a servizos existentes, estudo do tráfico peonil e rodado na contorna da obra e medidas de acceso a obra, medidas para compaxinar as obras coas actividades do entorno, etc.).	Ata un máximo de 12 PUNTOS
Procesos de organización e implantación de medios para a obra para o correcto desenvolvemento da mesma (proposta de campamento de obra con instalacións auxiliares e medios, xestión de residuos, provisións, etc).	Ata un máximo de 3 PUNTOS





4º.- SILEX.- APERTURA SOBRE B) CRITERIOS DEPENDENTES DUN XUÍZO DE VALOR.

A continuación procédese a descargar do SILEX os sobres B), que conteñen a documentación técnica da obra e que versará sobre os aspectos que se recollen na Cláusula 12 do Prego e que se transcriben seguidamente:

SOBRE B.	
<p>Conterá a documentación técnica, asinada electronicamente, que versará sobre a memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra e na que fará especial referencia aos aspectos seguintes:</p> <p>1.- Análise da actuación obxecto de proxecto, mediante descrición analítica e detallada do proxecto para executar (análise de actuacións de proxecto, metodoloxía de execución, descrición de actividades importantes de execución da obra, condicionantes para a definición do proxecto).</p> <p>2.- Análise do ámbito de actuación da obra para executar (condicionantes usos específicos da contorna, interferencias, afeccións a servizos existentes, estudo do tráfico peonil e rodado na contorna da obra e medidas de acceso a obra, medidas para compaxinar as obras coas actividades do entorno, etc.).</p> <p>3.- Procesos de organización e implantación de medios para a obra para o correcto desenvolvemento da mesma (proposta de campamento de obra con instalacións auxiliares e medios, xestión de residuos, provisións, etc).</p>	
<p>Requisitos para a presentación da documentación relativa a este criterio: Máximo de 15 páxinas (1 soa cara) en formato DIN A4 con tipo de letra Arial 10 ou superior, interlineado 1,5. Permítese que 1 das páxinas se inclúa en formato de maior dimensión, formato DIN A3 para plano de implantación de obra. En ningún caso se poderá sobrepasa-lo límite das 15 páxinas en total para este apartado de memoria construtiva, incluídos índice, portadas, etc.</p>	
<p>Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliábeis de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.</p>	

		CONSTANCIA
1	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	Consta
2	COVSA	Consta
3	CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L.	Consta
4	NAROM, S.L.	Consta
5	MARCONSA, S.L.	Consta
6	ROIBAS VÁZQUEZ, S.L.	Consta
▪	Queda unida ao expediente de contratación 2533/2021 a documentación técnica, que versa sobre a memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra e que fai referencia aos aspectos que se sinalan no cadro que antecede.	

A Mesa de Contratación, por unanimidade, **acorda:**

Primeiro.- Admitir ao procedemento de contratación a tódalas empresas relacionadas no apartado segundo.

Segundo.- Que se dea traslado da documentación contida nos **sobres B)** Criterios dependentes dun xuízo de valor, ao técnico redactor do proxecto, aos efectos de que proceda á valoración da memoria construtiva da obra e a emisión de informe, aplicando os criterios recollidos na Cláusula 13.1 do Prego e que se transcribe no apartado 3º da presente Acta.

Terceiro.- Que, unha vez sexa recibido o informe de avaliación, se convoque novamente a Mesa de Contratación.





Cuarto.- A presente Acta da Mesa de Contratación publicarase na Plataforma de Contratos de Galicia, na páxina WEB do Concello e daráselle traslado a tódalas empresa participantes no procedemento.

E non tendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión, sendo as trece horas e corenta e seis minutos, estendéndose a presente Acta que asina electronicamente a funcionaria do Servizo de Contratación e o Concelleiro Delegado de Obras Públicas.

